

Celga



1

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C1-B-20

PARTE 1 (Texto escrito)

CONVOCATORIA	2020	NIVEL	CELGA 1	PROBA	C1-B-20
--------------	------	-------	---------	-------	---------

TÍTULO	Vacacións e viaxes	TIPO	
FONTE	Creación	EMISIÓN	DURACIÓN 308 pal.

A continuación, vai vostede ler un artigo sobre vacacións e viaxes. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Conversar sobre o tema.

Hoxe en día, viaxar é unha actividade que está moi estendida en todo o mundo. Para algunhas persoas, as viaxes de vacacións son unha necesidade, unha maneira de relaxarse e de desconectar dos horarios fixos, dos compromisos e das responsabilidades do traballo ou dos estudos. Deixaron de ser un luxo para uns poucos afortunados. De feito, cada vez son máis populares, debido á existencia de compañías aéreas de baixo custo, viaxes organizadas con todo incluído por prezos accesibles e novos tipos de aloxamento máis económicos.

En Galicia non é distinto. Segundo as axencias de viaxes galegas, ultimamente hai máis movemento de clientes, multiplícanse as ofertas e cada día aumenta a curiosidade e o desexo de coñecer outros mundos, outras xentes e outras culturas.

Tamén é certo que o concepto de viaxar e o momento para facelo non son os mesmos para todos. Algunhas persoas, por exemplo, pensan que a viaxe de verán é imprescindible e escollen agosto como o mellor mes para as vacacións. Pero hai os que prefiren marchar noutros períodos, cando hai menos turistas e todo está máis tranquilo e é máis económico.

En canto aos destinos, tamén son variados. Moitos galegos din que nos seus plans de vacacións nunca inclúen saír de Galicia; consideran que aínda non coñecen ben a súa terra. Outros, principalmente no verán, buscan bo tempo e apostan polos destinos máis clásicos, como as Illas Baleares, as Canarias ou o Mediterráneo. Tamén hai os que escollen os cruceiros ou procuran sitios máis exóticos, como Turquía ou o Caribe. E non faltan os que collen a mochila e un autobús e marchan á aventura.

En fin, o destino escollido vai depender unicamente do noso interese por coñecer e descubrir novos lugares. Agora os prezos xa non son unha escusa.

PARTE 2

1. BENVIDA AO CANDIDATO	1 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice. O principal obxectivo é explicarlle ao candidato a estrutura da proba e acomodalo.</p> <p>As primeiras preguntas NON son avaliáveis.</p>	
<ul style="list-style-type: none">■ Como está?■ Como se chama?■ A que se dedica?	
2. PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: a partir de aquí XA é avaliável. O obxectivo é verificar o dominio lingüístico do candidato relacionado co ámbito persoal. As preguntas son só suxestións e poderanse facer as que se consideren pertinentes, sempre que se eviten as que poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none">■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea...■ Canto tempo leva estudando galego?■ Por que o estuda?■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede)■ Que lle gusta máis da cultura galega?■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	

3. RESUMO

1-2 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do texto. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o documento. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:

- De que trata o texto?
- Que din as axencias de viaxes?
- Cando adoitan viaxar os galegos? A que sitios?

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador:

A partir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa co candidato.

Hai que ter en conta que NON se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato.

OPCIÓN A

- Cando colle normalmente as vacacións? Por que escolle ese período?
- Adoita viaxar? A que tipo de destino: cidade, campo, praia...? Por que?
- Que tipo de aloxamento prefire? Por que?
- Cando non viaxa nas vacacións, que é o que fai normalmente para entreterse?
(Se procede)
- Como pasa a xente as vacacións no seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

- Onde pasa normalmente as vacacións?
- Cando viaxa, vai só ou con alguén máis? Con quen?
- Gústalle as viaxes organizadas? Por que?
- Que actividades lle parecen máis doadas para facer en grupo?
- E cales prefire facer individualmente? Por que?
(Se procede)
- Que actividades de vacacións son máis comúns no seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

- Aadoita viaxar nas vacacións? Que medio de transporte emprega? Por que?
- E para desprazarse no destino, cal prefire? Por que?
- Viaxa habitualmente por outro motivo que non sexan as vacacións? Cal?
- Con que frecuencia?
- E na súa vida diaria, que medio ou medios de transporte emprega? Por que?
(Se procede)
- Que medios de transporte se utilizan máis no seu lugar de orixe?

OPCIÓN D

- Nas vacacións, prefire ir lonxe ou quedar máis preto da casa? Por que?
- A que tipo de sitio lle gusta ir? Que tipo de lugar prefire evitar? Por que?
- Foi algunha vez ao estranxeiro? A que país?
- Que lle parece máis curioso de coñecer outros países?
- Que máis bota de menos cando está fóra?
(Se procede)
- Que lugares ou monumentos do seu lugar de orixe son máis atractivos para os turistas?

